

BASES DO SORTEO PARA A CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO COMERCIO NADAL 2024

1. Descrición da Campaña

- “**ESTE NADAL VEN MERCAR A NAVIA E...**” é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola **Asociación de Comerciantes del PAU de Navia**.
- Esta campaña promocional desenvolverase entre os **días 16 de decembro do 2024 e 05 de xaneiro do 2025**, ámbalas datas incluídas.
- Para participar, haberá que mercar ou consumir nalgún dos establecementos adheridos a esta campaña, podendo participar toda a súa clientela, nas datas sinaladas e segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases.

2. Obxectivo

- O obxectivo fundamental da Campaña é crear un ambiente favorable para incentivar o consumo nesta conmemoración á que fai referencia a mesma, premiando a confianza da clientela que aposte polo comercio de proximidade, incrementando desta maneira o consumo no pequeno comercio da zona.

3. Dinámica de funcionamento

- Trátase dunha campaña, na que poderán participar todas as persoas consumidoras, maiores de idade, que realicen unha compra de produto ou servizo por un **importe mínimo de vinte euros** nos establecementos adheridos á mesma, e que a rexistren seguindo as indicacións detalladas neste apartado. Así pois, **a clientela que desexe participar na campaña, deberá en todo caso conservar o xustificante de gasto**, ou fotografía do mesmo.
- **As persoas consumidoras poderán rexistrarse para participar nesta campaña**, a través da seguinte ligazón: <https://comerciantesnavia.es/>, efectuando o correspondente rexistro da operación de compra ou servizo realizado. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación realizada, cubrindo os datos que se solicitan: fotografía do xustificante de gasto, nome do establecemento, nome e apelidos, e facilitando un número de teléfono para poñernos en contacto.
- **Só poderase facer un rexistro por xustificante de gasto**, de ser o caso, contabilizarase sempre o primeiro que se faga. Cada rexistro equivale a unha participación e soamente se admitirá una por establecemento e día, para a mesma persoa e/ou conta de correo electrónico.
- Cabe sinalar que quedan excluídos de participar no sorteo todos os xustificantes de gasto efectuados en establecementos non adheridos á campaña.
- Non poderán participar neste sorteo as persoas titulares/responsables ou as persoas traballadoras dos establecementos adheridos, así como os familiares ata segundo grao das mesmas.
- Soamente darse un agasallo por persoa participante.

4. Realización do Sorteio

- O sorteio terá lugar o **día 16 de xaneiro do 2024 ás 21:00h**, do que resultarán as persoas gañadoras, unha por cada agasallo, e dúas máis, por cada agasallo, como suplentes. Para proceder á adxudicación dos agasallos, comprobarase que a persoa cumpre con todos os requisitos das presentes bases. No caso de non cumprir, procederase do mesmo xeito coas persoas suplentes.
- **A realización do sorteio terá lugar de xeito telemático**, mediante un código programado que elixirá aleatoriamente ás persoas gañadoras entre todas as participantes para os agasallos dispoñibles nesta campaña.
- O resultado do sorteio comunicaráse ás persoas gañadoras, polos medios que se determinen, e que permitan deixar constancia da notificación realizada. Así mesmo, publicaranse na páxina web: www.comerciantesnavia.es, así como nas RR.SS. da Asociación.

5. Agasallos

- **DÚAS EXPERIENCIAS SPA RELAX** para dúas persoas, no **“GRAN HOTEL NAGARI”**.
- **En ningún caso os agasallos poderán ser trocados por outros ou polo seu valor en efectivo.**
- A entrega dos agasallos será realizada na modalidade que acorde a Asociación, unha vez realizado o sorteio, sendo as persoas gañadoras notificadas a tal fin, mediante comunicación persoal.
- En calquera caso, comunicaráse ás persoas gañadoras o lugar, data e hora de realización do acto de entrega dos agasallos, ou a modalidade alternativa que se decida, coa antelación suficiente.
- No caso de que algunha persoa gañadora non se presente a recoller o agasallo, unha vez notificada e convocada a tal efecto, entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos, salvo que a persoa xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior allea a súa responsabilidade. No caso de renuncia seguirase o mesmo procedemento de comunicación coas persoas suplentes.

7. Protección de datos

- Para consultar a política de protección de datos pódese facer na seguinte ligazón: www.comerciantesnavia.es/politica-de-privacidad/

8. Bases e dereito de modificación

- O mero feito de participar nesta campaña, implica a plena aceptación destas bases legais, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.
- A Asociación de Comerciantes del PAU de Navia, resérvase o dereito para modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

- **DECEMBRO 2024**